

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

CIRCULAR INFORMATIVA DO PROGRAMA DE LUDOTECAS EN DIFERENTES CONCELLOS DA PROVINCIA: "LUDOTECA MÓBIL DA DEPUTACIÓN DE OURENSE 2026"

Circular informativa - Ludoteca Móbil

A Deputación de Ourense pon en marcha, dende 1 xullo ata o 30 de setembro de 2026, un programa de ludotecas en diferentes concellos da provincia, de xeito que lles sirva para ampliar a oferta educativa e lúdica para os máis pequenos da casa, baixo o título "Ludoteca Móbil da Deputación de Ourense 2026".

O propósito principal desta actividade é divertirse e fomentar as actividades lúdico- educativas ao aire libre, mellorar a relación entre os cativos a través do xogo, e proporcionar ao medio rural un amplo abanico de actividades para os máis novos.

Cada Concello interesado, poderá optar a dúas modalidades da ludoteca: Maxi ou Mini.

Ludoteca MAXI:

(Necesidades básicas para esta opción: Potencia de 8.500 W con toma trifásica de 32A de 5 puntas + toma de auga con enganche de xardín e bo caudal. Espazo mínimo suficiente proposta LEGO modulable).

Inclúe:

2 módulos 10*5 m - zona para pequenos (dificultade baixa).

2 módulos 10*5 m - zona para maiores (dificultade media-alta) + 8 xogos tradicionais.

festa da espuma + polvos Holi (8 canóns).

4 velas publicitarias + discomóbil.

Ludoteca MINI:

(Necesidades básicas para esta opción: Potencia de 4.500 W con toma trifásica de 32A de 5 puntas + toma de auga con enganche de xardín e bo caudal. Espazo mínimo suficiente proposta LEGO modulable).

Inclúe:

1 módulo 14*5 m - zona para pequenos (dificultade baixa).

1 módulo 10*5 m - zona para maiores (dificultade media).

festa da espuma + polvos Holi (4 canóns).

2 velas publicitarias + discomóbil.

O importe para aboar para cada concello, dependerá da modalidade elixida:

Na modalidade MAXI o importe para cada concello será de 300 € máis IVE.





Na modalidade MINI o importe para cada concello será de 150 € máis IVE.

A adjudicación das ludotecas determinarase, por estrito orde de chegada das solicitudes.

As solicitudes subscritas polo concello interesado irán dirixidas a área de Cultura da Deputación Provincial, e poderán presentarse a través do Rexistro Xeral da Deputación Provincial ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir das 8.30 h do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

O tope establécese na montaxe dunha ludoteca para un máximo de 15 concellos da provincia.

Na solicitude deberán indicarse a modalidade solicitada.

Para calquera aclaración quedamos a súa disposición no correo electrónico: cultura@depourense.gal, ou nos teléfonos 988 317 828 ou 988 317 829.

Ourense, 5 de xuño de 2026. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

R. 1.343



SOLICITUDE

“LUDOTECA MÓBIL DEPUTACIÓN DE OURENSE 2026”

CONCELLO	NOME			
	CIF			
	RÚA		C.P.	
	POBOACIÓN		TLF.	
	E-MAIL			
PERSOA DE CONTACTO	NOME			
	APELIDOS			
	E-MAIL		TLF.	
LUDOTECA	MAXI		SINATURA	
	MINI			

*** Cada concello ten dereito a unha modalidade, tendo que escolle entre as dúas modalidades.

O número tope de concellos para desenvolver esta actividade, establecece na montaxe dunha ludoteca móbil para un máximo de 15 concellos da provincia.

A reserva farase por rigoroso orde de chegada das solicitudes subscritas polos concellos interesados, a partir das 8:30 h do día seguinte á publicación do anuncio no BOP, a través do Rexistro Xeral da Deputación Provincial ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para calquera aclaración: correo electrónico - cultura@depourense.gal ou aos teléfonos 988 317 828 / 988 317 829.

